

CONVOCATORIA I CERTAME LITERARIO “FÍOS DA MEMORIA”

Universidade Sénior A Coruña–Ferrol curso 2025/2026

A Universidade da Coruña, a través da Universidade Sénior (UDCSénior), con motivo do Día das Letras Galegas e do 25 aniversario da súa creación, convoca o **I Certame Literario “Fíos da memoria”** co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e visibilizar as voces do alumnado sénior.

1. Obxecto da convocatoria

O certame ten como finalidade:

- Estimular a creatividade literaria do alumnado sénior.
- Promover a participación activa na vida cultural.
- Visibilizar as experiencias e reflexións das persoas maiores, contribuíndo a unha sociedade máis inclusiva e libre de estereotipos por razón de idade.

2. Persoas participantes

Poderá participar o alumnado matriculado no curso 2025/2026 nas seguintes materias:

Sede A Coruña:

- *Literatura Galega Contemporánea*
- *Lingua e Cultura Galegas*
- *Novela e Conto na Literatura Española e Hispanoamericana*
- *Seminario “Practicando a Arte da Escritura”*

Sede Ferrol:

- *Literaturas do Mundo*
- *Clube de Lectura*

3. Modalidade e lingua

- Modalidade: relato curto
- Lingua: galego

4. Requisitos das obras

- Os textos deberán ser orixinais e inéditos.
- Extensión máxima: 3 follas DIN A4.
- Formato: Word ou PDF.
- Letra: Times New Roman, tamaño 12.
- Interliñado: 1,5.
- Tema: libre.

5. Presentación de orixinais

Os traballos enviaranse ao seguinte enderezo electrónico: certame.senior@udc.gal

Cada envío deberá incluír:

- Título do relato
- Nome e apelidos do/da autor/a

No caso de presentación baixo seudónimo:

- Enviarase un correo separado coa identificación completa do/da autor/a

6. Prazo de presentación

O prazo de presentación estará aberto **do 20 de marzo ao 24 de abril de 2026**

7. Premios

- **Primeiro premio:** Diploma acreditativo e figura distintiva do certame. Subvención para a realización dun Taller da Universidade Sénior
- **Accésit:** Diploma acreditativo e subvención para a realización dun Taller da Universidade Sénior

Os premios poderán declararse desertos se o xurado así o considera.

8. Xurado

O xurado estará composto por profesorado vinculado ás materias participantes e persoas do ámbito literario.

9. Resolución e entrega de premios

O fallo farase público no marco da celebración do Día das Letras Galegas, no acto institucional que se celebrará no Paraninfo da Universidade da Coruña, integrado na programación do 25 aniversario da UDCSénior, o día 22 de maio de 2026.

10. Aceptación das bases

A participación neste certame implica a aceptación íntegra desta convocatoria.

11. Información

Para calquera consulta: certame.senior@udc.gal